



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

**ARACELI C. PÉREZ MORÁN, SECRETARIA ACCTAL. DO
CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA).-**

NOTIFICA:

Poño no seu coñecemento que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día **14 de Agosto de 2014**, e coa salvedade a que se refire o art. 206 do R.D. 2568/1986, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido transcribo de xeito literal:

"B) CONTRATACIÓN

1. ADXUDICACIÓN SUBMINISTRO DE BÁCULOS E LUMINARIAS PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA AVENIDA DE LOUREIRO

Mediante providencia da Alcaldía de 05/06/14, incoouse o procedemento de contratación do "Subministro de Báculos e luminarias, para mellora da eficiencia enerxética, na Avenida de Loureiro, no Concello de Bueu"

O presente contrato, ten por obxecto dotar dunha instalación de iluminación óptima, tanto dende o punto de vista luminotécnico, como económico, da Avenida de Loureiro no Concello de Bueu, para elo se adopta a solución máis acorde coa normativa actual existente, ó mesmo tempo que se teñen en conta tódolos parámetros de calidade, para conseguir a maior eficiencia enerxética e seguridade vial, nos termos sinalados no estudo que se achega como anexo á proposta de incoación do procedemento de contratación

O expediente de contratación, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas foron aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 06/06/14, e foron informados favorablemente pola Secretaria xeral do Concello e fiscalizados de conformidade pola Intervención municipal o 05/06/14.

Rematado o prazo de presentación de proposicións, e revisados os asentos do rexistro xeral dende o 20/06/14 ó 05/07/14, ambos inclusive, concorren as seguintes empresas, según queda acreditado no informe da empregada municipal encargada do rexistro xeral do concello de data 08/07/14 relativo ás empresas que formularon proposicións para participar no procedemento aberto, que de seguido se relacionan:

Núm. e data do asento no rexistro xeral do concello	Identidade	Observacións
4883/3.7.2014	ENERGYA SOCIEDAD COOPERATIVA. F27791441 Pol.Ind. PORTO DO MOLLE R. As Pontes 4. Of. 315 Nigrán PONTEVEDRA	Rpte.: Antonio Domínguez Iglesias/ DNI 36049950A
4876/3.7.2014	DIELECTRO INDUSTRIAL S.A. A15007750 Avda. Prensa Arteixo A CORUÑA	Rpte.: Roberto Moreno García/ DNI (sen especificar) Non consta xustificación documental da identidade da persoa física que presenta a declaración responsable de participación nos termos esixidos na cláusula 9.2.1. e no anexo I dos PCAP



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

4843/2.7.14	ELECTRICIDADE IN.M.A.C.CONDADO, S.L. B36380384 Pol. Ind. Chan da ponte Nave 1 Salvaterra do Miño PONTEVEDRA	Rpte.: Jorge Ferreira Bouzo/ DNI 34874221B
4906/4.7.2014	C.M. SALVI, S.L. B58586413 Pol. Ind. Cantallops Avda. Del vallés BARCELONA	Rpte.: Javier Elizalde Giró/ DNI 35033027W
4742/30.6.2014	DIGAMEL, S.A. A36127314 Rúa do Costado, Sta. Margarita PONTEVEDRA	Rpte.: David Fernández Arias/ DNI 35458231M
4920/4.7.2014	SETGA, S.L.U. B36699064 San Caetano, núm. 2 Alba PONTEVEDRA	Rpte.: Manuel Fernández Rascado/ DNI 35255369A
4905/4.7.2014(FAX) 4975/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	ELECTRICIDAD Y ELECTRONICA MARTÍN A.G., S.L. B74010786 C. Comerciantes, 7 P. Empres. Ppdo. Asturias Áviles ASTURIAS	Envío por correo co cumprimento do disposto na cláus. 9.1 dos PCAP en relación co art. 80.4 do Real decreto 1098/2001 (RGC). Rpte.: Martín Luis Alonso Mancebo/ DNI 11412531T
4933/4.7.2014(FAX) 4974/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	ILUMINATA PORRIÑO S.L. B36991230 Pol. Ind. A Granxa parcela 210. Nave 19 B Porriño PONTEVEDRA	Envío por correo co cumprimento do disposto na cláus. 9.1 dos PCAP en relación co art. 80.4 do Real decreto 1098/2001 (RGC). Rpte.: Abelardo Otero Tourón/ DNI 76901048L
4950/4.7.2014(FAX). Consta recepción de 4 de xullo de 2014 ás 12,33 horas 4976/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	IMESAPI, S.A. A28010478 C./Policarpo Sanz, 3, 6º Vigo PONTEVEDRA	Envío por correo co cumprimento do disposto na cláus. 9.1 dos PCAP en relación co art. 80.4 do Real decreto 1098/2001 (RGC). Rpte.: Ramón Comesaña Alonso/ DNI 36140109Y
4899/4.7.2014(FAX) 4977/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	ENDESA INGENIERIA S.L.U. B82846833 SEVILLA	Envío por correo co cumprimento do disposto na cláus. 9.1 dos PCAP en relación co art. 80.4 do Real decreto 1098/2001 (RGC). Rpts.: Ignacio Valero Abad (DNI 6664000J)/Mario Peña Rodríguez (DNI 31234395G)

A mesa de contratación, en sesión constitutiva celebrada o 08/07/14, unha vez cualificada a documentación contida nos sobres A polos licitadores que concorren no procedemento de contratación, advertindo a presentación da totalidade da documentación esixible ó abeiro da cláusula 9.2.1 dos PCAP., coa excepción de DIELECTRO INDUSTRIAL S.A., con CIF A15007750, outorgando un prazo de un día hábil para que complemente a documentación esixible na cláusula 9.2.1 dos PCAP.

A Mesa de Contratación en sesión celebrada con data 10/07/14, en relación a dito procedemento, en acto público, visto que Dielectro Industrial S.A. presenta, con data 09/07/14 (RE 5039) a documentación requirida pola Mesa de Contratación con data 08/07/14, e concretamente:

-Escritura de Constitución ou modificación no seu caso, e poder notarial para representar á entidade en cuxo nome concorre.

Atopándose conforme a mesma.

A Mesa de Contratación reunida neste acto, resolve admitila, polo que resólvese admitir tódalas ofertas presentadas, co seguinte pronunciamento expreso en acto público das empresas admitidas, sen exclusións.

Co seguinte resultado:



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

4843/2.7.14	ELECTRICIDADE IN.M.A.C.CONDADO, S.L. B36380384 Pol. Ind. Chan da ponte Nave 1 Salvaterra do Miño PONTEVEDRA	46.580,16€
4906/4.7.2014	C.M. SALVI, S.L. B58586413 Pol. Ind. Cantallops Avda. Del vallés BARCELONA	46.854,18
4742/30.6.2014	DIGAMEL, S.A. A36127314 Rúa do Costado, Sta. Margarita PONTEVEDRA	44.082,72€
4920/4.7.2014	SETGA, S.L.U. B36699064 San Caetano, núm. 2 Alba PONTEVEDRA	40.912,28€
4905/4.7.2014(FAX) 4975/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	ELECTRICIDAD Y ELECTRONICA MARTÍN A.G., S.L. B74010786 C. Comerciantes, 7 P. Empres. Ppdo. Asturias Áviles ASTURIAS	47.628,50€
4933/4.7.2014(FAX) 4974/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	ILUMINATA PORRIÑO S.L. B36991230 Pol. Ind. A Granxa parcela 210. Nave 19 B Porriño PONTEVEDRA	44.471,64€
4950/4.7.2014(FAX). Consta recepción de 4 de xullo de 2014 ás 12,33 horas 4976/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	IMESAPI, S.A. A28010478 C./Policarpo Sanz, 3, 6º Vigo PONTEVEDRA	48.393,95€
4899/4.7.2014(FAX) 4977/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	ENDESA INGENIERIA S.L.U. B82846833 SEVILLA	42.131,58€

Polo que en base ó anterior e vistas as proposicións e demais circunstancias que haxan de terse en conta, valoradas as distintas proposicións presentadas polos licitadores admitidos en base ao criterio de valoración sinalado na cláusula 10 dos PCAP que dispón "O único criterio a considerar será o do prezo, entendéndose que a oferta economicamente máis ventaxosa é a que incorpore o prezo máis baixo, salvo que se considere que a proposición incluíse valores anormais ou desproporcionados" e non advirindo que a proposición presentada por SETGA S.L.U. con CIF B36699064 incurra en valores anormais ou desproporcionados nos termos sinalados na citada cláusula 10 dos PCAP e no artigo 85 do RGLCAP, segundo informe técnico que se incorpora a esta acta, asinado con data 10/07/14.

PROPOÑENDO ó organo de contratación a adxudicación a favor de SETGA S.L.U. con CIF B36699064 e domicilio social San Caetano, núm. 2 Alba, PONTEVEDRA, por ser o licitador que presenta a oferta economicamente máis ventaxosa segundo o PCAP, polo importe seguinte:

OFERTA SEN IVE	IVE	TOTAL
33.811,80€	7.100,48€	40.912,28

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, en aplicación do disposto nos arts. 6, 19.1.a) y 122.1.d), 109, 138 e 157 e seguintes do TRLCSP e no exercizo das atribucións en materia de contratación contida na Disposición adicional 2ª do citado texto, e as delegadas na Xunta de goberno local por resolución de alcaldía de 14/06/11 (BOP núm. 145 de 29/07/11), mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con carácter ordinario o 18 de xullo de 2014 RESOLVE REQUERIR á Entidade Mercantil "SETGA S.L.U", con CIF B36699064 e domicilio social San Caetano, núm. 2 Alba, PONTEVEDRA, para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES**, a contar dende o seguinte a aquél no que houbera recibido o requerimento, e previamente á adxudicación do contrato, presente a documentación esixida na cláusula X.4 do PCAP.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a recadar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde na que houberan quedado clasificadas as ofertas.

Considerando que con data 04/08/14 (RE 5570), SETGA S.L.U, con CIF B36699064, representada por D. Manuel Fernández Rascado, presenta en prazo a documentación requirida, atopándose conforme

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, en aplicación do disposto nos arts. 6, 19.1.a) y 122.1.d), 109, 138 e 157 e seguintes do TRLCSP e no exercizo das atribucións en materia de contratación contida na Disposición adicional 2ª do citado texto, e as delegadas na Xunta de goberno local por resolución de alcaldía de 14/06/11 (BOP núm. 145 de 29/07/11),

Por unanimidade dos seus membros presentes,

RESOLVE:

1º.- ADXUDICAR A **SETGA S.L.U**, con CIF B36699064, e moradía social en S. Caetano 2 (36157 Alba-Pontevedra), o contrato administrativo de "Subministro de Báculos e Luminarias para mellora da eficiencia enerxética na Avenida de Loureiro. Concello de Bueu", con Ref. Expediente C58/14, en canto resulta ser a empresa que presenta a oferta máis ventaxosa de acordo cos criterios de adxudicacións nos termos sinalados nos PCAP, polo importe seguinte:

OFERTA SEN IVE	IVE	TOTAL
33.811,80€	7.100,48€	40.912,28

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (sobre B, RE núm. 4920 de 04/07/14), as procedimentais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP e nas PPT contidas do expediente de contratación aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local o 06/06/14 e particularmente as seguintes:

- Consonte a cláusula 12 do PCAP, o contrato que resulte deberá ser formalizado en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle poideran ocasionar. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

-En todo caso estarase ó cumprimento do disposto no PCAP e PPT

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos e excluídos da licitación e os seus motivos de exclusión nos termos resoltos pola Mesa de contratación no senso sinalado na parte expositiva do presente acordo:

Núm. e data do asento no rexistro xeral do concello	Identidade
4883/3.7.2014	ENERGYA SOCIEDAD COOPERATIVA. F27791441 Pol.Ind. PORTO DO MOLLE R. As Pontes 4. Of. 315 Nigrán PONTEVEDRA
4876/3.7.2014	DIELECTRO INDUSTRIAL S.A. A15007750 Avda. Prensa Arteixo



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

4843/2.7.14	A CORUÑA ELECTRICIDADE IN.M.A.C.CONDADO, S.L. B36380384 Pol. Ind. Chan da ponte Nave 1 Salvaterra do Miño PONTEVEDRA
4906/4.7.2014	C.M. SALVI, S.L. B58586413 Pol. Ind. Cantallops Avda. Del vallés BARCELONA
4742/30.6.2014	DIGAMEL, S.A. A36127314 Rúa do Costado, Sta. Margarita PONTEVEDRA
4920/4.7.2014	SETGA, S.L.U. B36699064 San Caetano, núm. 2 Alba PONTEVEDRA
4905/4.7.2014(FAX) 4975/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	ELECTRICIDAD Y ELECTRONICA MARTÍN A.G., S.L. B74010786 C. Comerciantes, 7 P. Empres. Ppdo. Asturias Áviles ASTURIAS
4933/4.7.2014(FAX) 4974/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	ILUMINATA PORRIÑO S.L. B36991230 Pol. Ind. A Granxa parcela 210. Nave 19 B Porriño PONTEVEDRA
4950/4.7.2014(FAX). Consta recepción de 4 de xullo de 2014 ás 12,33 horas 4976/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	IMESAPI, S.A. A28010478 C./Policarpo Sanz, 3, 6º Vigo PONTEVEDRA
4899/4.7.2014(FAX) 4977/7.7.2014(PROPOSICIÓN)	ENDESA INGENIERIA S.L.U. B82846833 SEVILLA

3º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante da web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Bueu para xeral coñecemento.

4º.- Notificar a presente aos licitadores que concorreron no procedemento de contratación, á empresa que resultou adjudicataria e ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos. ”

RECURSOS.-

Contra do presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderáse interpor Recurso Potestativo de Reposición ante o mesmo órgano que o dicta no prazo de UN MES contado a partir do día seguinte ó desta notificación, ó abeiro do establecido no art. 116.1 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Admóns. Públicas e do Pcdmto. Admtvo. Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 que modifica a primeira, ou ben directamente o Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES contados dun xeito idéntico, segundo o disposto nos arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de Xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, deberáse resolver e notificar no prazo de UN MES, segundo establece o art. 117.2 da devandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no art. 43.2 da Lei 30/92, modificada pola lei 4/1999, podendo, entón, os interesados interpor o recurso contencioso-administrativo no prazo de SEIS MESES contados a partir do día seguinte a aquel no que debe entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, segundo se recolle no art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998 da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderán interpor calquer outro recurso que os interesados estimen por procedentes conforme a dereito.

Bueu, 22 de Agosto de 2014

Asdo. Araceli C. Pérez Morán

Intervención Municipal
ENDESA INGENIERIA S.L.U.
IMESAPI S.A.
ILUMINATA PORRIÑO S.L.
ELECTRICIDAD Y ELECTRONICA MARTÍN A.G., S.L.
SETGA, S.L.U.
DIGAMEL, S.A.
C.M. SALVI, S.L.
ELECTRICIDADE IN.M.A.C.CONDADO, S.L.
DIELECTRO INDUSTRIAL S.A.
ENERGYA SOCIEDAD COOPERATIVA.

Enterad@ e recibín copia do presente acordo.
Bueu,